

INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DAS TITULACIÓNS DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A, PATRÓN/PATROA LOCAL DE PESCA E PATRÓN/PATROA COSTEIRO/A POLIVALENTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Visto o "Proxecto de orde pola que se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE607A-PE607C)", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL

Mediante o Real Decreto 4189/1982, de 29 de decembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras. Consecuencia de tal traspaso, a Comunidade Autónoma de Galicia ten esencialmente, en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro, as seguintes competencias:

a) Elaboración, aprobación de plans, programas de estudio e orientación pedagóxica do ensino náutico-pesqueiro, respectando a ordenación xeral do sistema educativo, así como as ensinanzas mínimas que a



efectos de cumprir as condicións de obtención e expedición de títulos académicos e profesionais lle correspondan ao Estado.

b) Creación, ampliación ou supresión de centros de formación.

c) Elaboración, aprobación, execución e control de programas de inversións, necesidades de persoal dos centros docentes e dos servizos administrativos.

d) Regulación e xestión do réxime de axudas aos alumnos.

e) Determinación do réxime xurídico e administrativo dos centros, así como a tramitación e resolución das solicitudes de autorización de actividades de centros privados.

f) Nomeamento, traslado e perfeccionamento do persoal docente, así como selección e nomeamento dos directores/as dos centros públicos docentes.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, establece no seu artigo 117 que corresponde á consellaría competente en materia de pesca a realización das actuacións necesarias para o fomento da formación, a capacitación e a reciclaxe das persoas profesionais dos distintos sectores así como a daquelas persoas que poidan demandar a devandita prestación formativa, atribuíndolle, entre outras funcións, a programación, a planificación, a execución e o seguimento das ensinanzas regradas de formación marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola no ámbito da Comunidade Autónoma galega, en coordinación cos departamentos competentes na materia e dentro da programación xeral do sistema educativo galego, así como a programación, a planificación, a execución e o seguimento das ensinanzas non regradas de formación marítimo-pesqueira, marisqueira, acuícola e de mergullo profesional no ámbito de Galicia, en coordinación cos departamentos competentes na materia e dentro da programación xeral do sistema educativo galego e de formación profesional para o emprego. Tamén lle corresponde, segundo o artigo 118 ditar normas de desenvolvemento da lexislación básica do Estado sobre condicións e



requisitos para a obtención e a expedición das titulacións e tarxetas e das demais acreditacións de carácter profesional que sexan da súa competencia.

A normativa básica estatal atópase recollida no Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro. O seu artigo 4 determina cales son os títulos profesionais de pesca, entre os que se atopan os de patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e mariñeiro pescador, cuxos requisitos e atribucións atópanse recollidos, respectivamente, nos artigos 8, 9 e 12 do citado Real Decreto. Así mesmo, nos seus anexos, se contemplan os coñecementos mínimos requiridos para a súa obtención.

Dentro de este marco normativo, o presente proxecto ten como finalidade establecer os requisitos para a obtención dos citados títulos así como regulamentar os cursos nos que se impartirán os coñecementos necesarios para acadalos, regulando, en concreto, a súa autorización, organización, seguimento, control e avaliación.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Segundo consta na memoria xustificativa que acompaña ao proxecto, un dos problemas fundamentais do sector náutico-pesqueiro é a falta de remuda xeracional.

A maior parte dos mozos galegos non escollen as profesións pesqueiras para o seu acceso ao mundo laboral. Polo tanto, para incentivar o seu acceso a estas profesións, é preciso reducir o número de horas de formación da titulación de mariñeiro/a pescador/a, que é a chave de acceso ás profesións pesqueiras.



Na actualidade, a Comunidade Autónoma de Galicia, coa normativa actualmente en vigor sobre esta materia constituída pola Orde do 31 de xullo de 2014, presenta a carga lectiva máis extensa a nivel estatal para a obtención da titulación de mariñeiro/a pescador/a, fixada en 50 horas. Co obxectivo de acadar unha maior homoxeneidade interterritorial, e evitar asimetrías formativas con outras comunidades onde a mesma titulación – con idéntica validez legal– require un menor investimento temporal, a presente orde reduce a duración mínima obrigatoria a 23 horas.

Paralelamente, o diagnóstico do relevo xeracional no sector pesqueiro pon de manifesto unha crecente incorporación de profesionais de orixe estranxeira. Malia que este colectivo conta, en moitos casos, cunha ampla experiencia previa no sector pesqueiro dos seus países de orixe, frecuentemente atopa barreiras lingüísticas en galego ou castelán que dificultan o acceso ás certificacións oficiais. Así, co fin de axilizar a regularización profesional e eliminar obstáculos administrativos, a presente orde suprime a obrigatoriedade de cursar os módulos previos de alfabetización e coñecementos de lectoescritura, e facilítase o acceso directo aos cursos e ás probas libres para todos aqueles candidatos que posúan os coñecementos técnicos necesarios para superar a avaliación teórico-práctica, independentemente do seu nivel de competencia lingüística formal.

Outras das novidades que a norma recolle respecto á anterior, é que se permitirá a asistencia ás accións formativas de candidatos que non acadasen aínda a idade mínima legal esixida para as probas de aptitude. Esta medida ten como obxecto facilitar a preparación previa e garantir unha transición temperá cara ao mercado laboral pesqueiro.

Así mesmo, co obxectivo de axilizar os trámites, admítase a copia do pasaporte para matricularse nos cursos e probas libres naqueles casos en que o solicitante non dispoña de DNI ou NIE.



III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto a súa estrutura e contido, o proxecto consta dun preámbulo e 26 artigos, divididos en catro capítulos, co seguinte detalle:

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Requisitos para a obtención dos títulos profesionais

Artigo 3. Requisitos para o acceso aos cursos e probas libres

Artigo 4. Oferta formativa

Capítulo II. Autorización a entidades públicas e privadas para a organización de cursos de titulacións náutico-pesqueiras (procedemento PE607A)

Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes

Artigo 6. Forma de presentación de solicitudes

Artigo 7. Documentación complementaria

Artigo 8. Comprobación de datos

Artigo 9. Notificacións

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Artigo 11. Emenda da solicitude

Artigo 12. Resolución





Artigo 13. Obrigas da entidade autorizada para a organización de cursos

Capítulo III. Matriculación en cursos e probas libres para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente (procedemento PE607C)

Artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

Artigo 15. Forma de presentación de solicitudes

Artigo 16. Documentación complementaria

Artigo 17. Comprobación de datos

Artigo 18. Taxas de exame

Artigo 19. Notificacións

Capítulo IV. Desenvolvemento dos cursos

Artigo 20. Asistencia aos cursos presenciais e número de alumnado

Artigo 21. Modalidade de teleformación

Artigo 22. Profesorado

Artigo 23. Inspección de cursos

Artigo 24. Exames

Artigo 25. Tribunais

Artigo 26. Criterios de valoración

Artigo 27. Certificados e actas de exame



Artigo 28. Recursos contra as resolucións do/a presidente/a do tribunal

O proxecto complétase cunha disposición adicional única, relativa á actualización dos modelos normalizados; unha derogatoria única, pola que se derroga a Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia; e dúas disposicións derradeiras, a primeira, relativa á facultade de desenvolvemento do disposto na orde, e a segunda, relativa a súa publicación e entrada en vigor.

Por último, o proxecto recolle cinco anexos, o primeiro, consistente no formulario para a solicitude de autorización a entidades públicas e privadas para a organización de cursos de titulacións náutico-pesqueiras (código de procedemento PE607A); o segundo, consistente no formulario para a matriculación nos cursos das titulacións náutico-pesqueiras contempladas na disposición normativa (código de procedemento PE607C); o terceiro, no que se detalla o curso de mariñeiro/a pescador/a; o cuarto, no que se detalla o curso de patrón/patroa local de pesca; e o quinto, que pormenoriza o curso que dá acceso ao título de patrón/patroa costeiro/a polivalente.

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

O proxecto de orde elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, en consonancia co sinalado no artigo 41, unha vez iniciado o procedemento por acordo da conselleira do Mar do 19 de setembro de 2025,

7

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



levouse a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia durante o período comprendido entre o 18 de novembro e o 2 de decembro de 2025, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia de 4 de decembro de 2025, sen que se recibisen achegas ou opinións sobre a proposta normativa.

Finalizada a consulta, a elaboración do anteproxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras competencias, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensinanza e titulacións náutica-pesqueiras e de recreo.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse o 4 de febreiro de 2026 pola conselleira do Mar como proxecto de orde, publicándose na páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, durante o período comprendido entre o 11 de febreiro e 6 de marzo de 2026, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 24 de marzo de 2026, sen que se recibisen suxestións ao seu contido.

En cumprimento do trámite de audiencia, deuse traslado do texto do proxecto ás Federacións Provinciais de Confrarías de Pescadores de Lugo, A Coruña e Pontevedra, á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, á Organización de Produtores Pesqueiros de Lugo (OPP. 7), á Organización de Produtores Porto de Celeiro (OPP-77), á Organización de Palangreiros



Guardeses (OPP-49), á Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo (ARVI), á Federación Galega de Produtores de Pesca, á Escola de F.P. Marítimo-Pesqueira de Bueu, así como ao Instituto Social da Mariña, quen non formularon observacións ao contido do proxecto.

Con data 3 de marzo de 2026, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade emite informe sobre impacto de xénero, no que realiza diversas recomendacións que se recolleron no texto do proxecto. Así mesmo, revisouse, de conformidade co indicado no informe, o uso do masculino como xenérico nos preceptos nel sinalados.

O proxecto foi informado favorablemente o 18 de marzo de 2026 pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Con datas 20 de abril e 21 de abril de 2026, o proxecto foi informado favorablemente e de forma conxunta pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Finalmente, o proxecto de orde foi informado favorablemente o 1 de xuño de 2026 pola Asesoría Xurídica ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Visto o anterior, a presente orde respecta os principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, eficacia e eficiencia, esta norma explica os fins perseguidos coa súa aprobación, contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade, é o instrumento máis axeitado para garantir a súa consecución, e non impón cargas administrativas á cidadanía. Igualmente, en virtude do principio de



seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos que se pretenden acadar e se deu participación á cidadanía e ás entidades representativas do sector no seu proceso de elaboración.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o "Proxecto de orde pola que se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PE607A-PE607C)".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica
Marta Barreiro Castro

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

